

## DESEÑANDO O NOSO FUTURO, NA FP BÁSICA



Bioetanol



Recollida de diplomas outorgados por Galicia Inxenia



Centro ecuestre

Os alumnos e alumnas de FP Básica participamos durante este 1º trimestre no programa *Deseñando o teu Futuro*, impartido pola Asociación Galicia Inxenia. As actividades realizadas foron diversas: visitas para coñecer empresas da contorna nas que poidamos nun futuro exercer a nosa profesión, charlas, debates sobre a situación actual do mercado de traballo e tamén obradoiros destinados a dominar as técnicas da busca de emprego: elaboración de currículos vitae e carta de presentación, entrevistas de traballo e un longo etc. Todo o programa foi de grande utilidade.

### CONTIDOS:

**PÁXINA 1:** Deseñando o noso futuro, na FP Básica

**PÁXINA 2:** De roteiros literarios | Es de letras ou de ciencias? | A nosa biblioteca | Axenda escolar | Culture Class | E ademais...

**PÁXINA 3:** Celebrando o día da ciencia en galego | Curtis contra a violencia de xénero

**PÁXINA 4:** Postal de Nadal | Benvinda ao novo blog do IES de Curtis | Polo San Martiño, peóns ao camiño | Calendario solidario  
Gráfica de resultados académicos | Saúda do director

# DE ROTEIROS LITERARIOS



E o día 27 de novembro os alumnos e alumnas de 4º ESO fomos de roteiros literarios...

En Trasalba (Amoeiro- Ourense) e Pontevedra, o contacto cos espazos vitais de Castelao e Otero Pedrayo permitíronnos entender mellor a súa obra.

## ES DE LETRAS OU DE CIENCIAS?



En novembro, Pilar García Agra, boimortense licenciada en Matemáticas e membro da directiva de AGAPEMA (Asociación Galega de Profesorado de Educación Matemática) fixo cambalear a tradicional división entre letras e ciencias. Nunha charla organizada polas profesoras de Arte (Cristina Brión) e Matemáticas (Esther Nouche), Pilar falounos sobre o número áureo ou "número do demo", presente en moitos elementos da natureza, na arte e en obxectos da nosa vida cotiá coma os carnés, tarxetas ...

A curiosa secuencia de Fibonacci e a súa relación co número áureo ou a existencia dos fractais na música electrónica, foron outros dos entretidos asuntos abordados.

# A NOSA BIBLIOTECA



Abrimos de novo as portas. A nosa biblioteca, neste primeiro trimestre, acolleu ao novo alumnado coas súas habituais sesións de formación de usuarios. Ademais, puxo en marcha a Hora de Ler en 1º e 2º ESO e o Club de Lectura Fendetestas, con alumnado de ESO e Bacharelato.

Foron varias as actividades que organizamos e nas que colaboramos (Día das Bibliotecas, Día da Ciencia en Galego, Samaín, ...) pero, sen dúbida algunha, a máis significativa foi a sentida homenaxe que se lle rendeu ao escritor Xosé Neira Vilas, do que lembramos, ademais da súa vida e obra, a emotiva visita que hai dous anos fixo ao noso centro.

ABREAS PORTAS... E ENTRA

## AXENDA ESCOLAR



IES DE CURTIS  
CURSO 2015-2016

A nosa gratitude para Andrés Mariño Sanmartín, historiador local, autor do texto Feiras en Curtis, para todo o alumnado que colaborou na realización desta axenda, así como para a ANPA e o Concello de Curtis que contribúe economicamente no proxecto.

## CULTURE CLASS

Os alumnos e alumnas de bacharelato comezamos o curso con moitas risas. A Culture Class impartida o 25 de setembro achegounos dun xeito lúdico aos costumes e á civilización inglesa: comida, bebida, deportes, música, Familia Real... poucos aspectos quedaron fóra da óptica do relator, un divertidísimo showman, que arrincou risas do alleo comezando polo propio. En fin, 50 minutos moi ben aproveitadiños nos que a interacción nos permitiu autoavaliar os nosos coñecementos de inglés oral, e hai que dicir que algúns saímos ben parados da proba.

## E ADEMAIS...

- Grazas ao Concello de Curtis, os alumnos e alumnas de 1º ciclo da ESO afondamos no coñecemento dos cogomelos da contorna cun micólogo da Asociación Pan de Raposo.

- Os alumnos e alumnas de 4º ESO e 1º Bacharelato fomos a un concerto didáctico. Os de 2º ESO asistimos no Auditorio ao concerto: Cineuropa. Curtas musicais e bandas sonoras. Acompañáronnos os compañeiros e compañeiras de Arte de 2º Bacharelato que nos fixeron unha visita guiada á catedral.

# CELEBRANDO O DÍA DA CIENCIA EN GALEGO



Obradoiro para a fabricación de xabón



Obradoiro para a elaboración de queixo



Alumnado de Mantemento de Vehículos



Xogos de enxeño matemático



Exposición guiada polo alumnado de Mantemento de Vehículos



Xogos de enxeño matemático



Ollando o diminuto



Experimentos científicos



A química ao teu alcance

Parabéns aos seminarios de Física- Química, Matemáticas, Bioloxía e Xeoloxía, Ciencias Naturais, Tecnoloxía, Mantemento de Vehículos, Biblioteca Sarmiento e ENDL por unha xornada na que os contidos curriculares saíron da aula. Tivemos:

- Videoconferencia: A máquina que constrúe a mente e a realidade
- Obradoiro para a elaboración de queixo
- Obradoiro para a elaboración de xabón
- Xogos de enxeño matemático
- Experimentos científicos
- Exposición guiada polo alumnado de Mantemento de

Vehículos

- Ollando o diminuto
- A química ao teu alcance
- Proxección de documentais
- Presentación elaborada pola Biblioteca Sarmiento: Científicos e científicas galegas
- Tríptico informativo, realizado por Alicia Seoane Freire (1º Bach.), sobre os científicos homenaxeados nesta edición: Carlos Gómez-Reino Carnota, Isidro Parga Pondal, Max Karl Ernest Ludwig Plank e Chistian Huygens

## CURTIS CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

O pasado 25 de novembro celebrouse o Día contra a violencia de xénero. No noso centro sumámonos á conmemoración desta data tan significativa con varias actividades:

- Obradoiros impartidos pola Cruz Vermella para 3º, 4º ESO e FP Básica.
- Reparto, polo alumnado, de lazos violeta entre toda a Comunidade Educativa.
- Exposición Cartas de Amor. Arredor dela, desenvolvéronse distintas propostas; entre elas, un acto de inauguración no que un grupo de alumnos e alumnas de FP Básica e 2º ESO recitaron poemas que abordan esta temática. A exposición acompáñase dunha unidade didáctica que foi traballada nas aulas co fin de que o noso alumnado aprenda a establecer relacións asentadas nunha base de respecto, igualdade e tolerancia.
- Gloria Serrato, autora da unidade didáctica e asesora en coeducación, impartiu un obradoiro para o alumnado de 1º Bacharelato.

No blog do Departamento de Orientación ([orientacionmdr.blogspot.com](http://orientacionmdr.blogspot.com)) quedan recollidas todas as imaxes e as reflexións e valoracións que fixeron os nosos alumnos e alumnas das diferentes actividades.





Unha imaxe ben familiar para os curtienses: a carballeira nevada, coa que Andrea Seoane Vázquez felicita o Nadal a toda a Comunidade Educativa.

## BENVIDA AO NOVO BLOG DO IES DE CURTIS



Noviño do trinque é: <http://orientaccionmdr.blogspot.com/es/>, o novo blog do IES de Curtis.

Coma un naipele esixe alimentación e dedicación. Teraa, ben seguro, por parte de María, a súa creadora, pero para medrar e acadar unha vida plena precisa da túa interacción. Longa vida!

## POLO SAN MARTIÑO, PEÓNS AO CAMIÑO




En Curtis saíron ás pistas grazas a Paco, María e Balbina, tamén grazas ao entusiasmo do alumnado de 1º ciclo da ESO. Houbo premios aos peóns máis bailadores e ao mellor decorado. Parabéns aos galardoados: Sabela Núñez Aldudo, Diego Novo Vigo e Lucía Vilariño Blanco!

## CALENDARIO SOLIDARIO



Compra o calendario de mesa e estarás colaborando coas excursións do centro. Diseñado por Teresita Martínez Mejuto, as magníficas imaxes presentadas ao I e III Concurso Fotográfico: "Mira a túa contorna" son autoría de: Alicia Seoane Freire, Lidia Pereira Peteiro, Lucía Pérez López, José Manuel Vázquez Lea, Óscar Cajide Paz, Laura Míguez Sánchez, Vinnicius Cámara de Souza Silva, Laura Quintela Gómez e Almudena Quiñoy.

## RESULTADOS PRIMEIRA AVALIACIÓN



*Achegamos o primeiro boletín de información trimestral do curso para facervos partícipes dos proxectos educativos desenvolvidos polo profesorado.*

*Malia ser un centro pequeno, Curtis significase positivamente pola calidade das actividades coas que implementa o currículo escolar. Seguir traballando nesta liña para que os nosos rapaces e rapazas poidan competir en igualdade de condicións cos dos centros urbanos faise máis necesario ca nunca nun curso no que a nosa oferta educativa se viu reducida.*

*Dende este espazo, aproveito para darlles as grazas aos alcaldes dos oito concellos da contorna que nos ofreceron o seu apoio para presentarlle á Administración unha proposta conxunta que atenda as necesidades do rural.*

*Agardando que esta vaia adiante, transmítovos no meu nome propio e no do conxunto do persoal docente e non docente os mellores desexos para estas festas.*

**Juan Carlos Fandiño, Director do IES de Curtis**

DIRECTOR: Juan Carlos Fandiño da Torre  
VICEDIRECTORA: Paula Ugarte Fernández  
XEFA DE ESTUDOS: Yolanda Suárez Martínez  
SECRETARIO: José Antonio Paz López  
ORIENTADORA: María Díaz Rodríguez

equipo de normalización lingüística IES de Curtis

IES DE CURTIS

Rúa Xermán de Castro s/n 15310 Curtis (A Coruña) Tlf/Fax 981786100/981786298  
[www.edu.xunta.es/centros/iescurtis](http://www.edu.xunta.es/centros/iescurtis)